

INFORMACIÓN AOS COLEXIOS DE VETERINARIOS

O Laboratorio Central de Veterinaria de Algete ven de confirmar os resultados positivos ao serotipo 1 do virus da lingua azul en 9 animais sospeitosos pertencentes a 6 explotacións ovinas e 2 explotacións bovinas localizadas no norte de Lugo, preto do límite coa Comunidade Autónoma do Principado de Asturias. Os animais afectados son nados ou criados en Galicia (os dous animais bovinos son procedentes de Asturias, pero levan tempo na nosa Comunidade), o que significa a constatación da circulación do virus da lingua azul en Galicia.

Os focos detectados tiveron a seguinte localización:

Na Comarca de A Mariña Oriental:

- Concello de Barreiros. 1 explotación ovina.

Na Comarca de A Mariña Central:

- Concello de Lourenzá: 1 explotación bovina e 2 explotacións ovinas.

Na Comarca de Meira:

- Concello de A Pontenova: 1 explotación bovina e 3 explotacións ovinas.

As explotacións afectadas están baixo vixilancia oficial, determinándose a aplicación nelas das oportunas medidas de control fronte á enfermidade.

Previsiblemente estas non sexan as únicas explotacións nas que se constate a circulación viral na Comunidade, xa que neste momento a Consellaría do Medio Rural mantén o operativo de sospeita sobre outras explotacións localizadas tamén na zona norte de Lugo, estando á espera da recepción dos correspondentes resultados.

A Consellaría procederá de inmediato á declaración oficial da presenza da enfermidade na Comunidade, o que implicará determinadas modificacións nas condicións para o movemento das que se informará no momento en que estas queden completamente definidas; entre tanto, mantéñense vixentes as actuais.

En todo caso, continúa a executarse o operativo de vacinación deseñado, dentro do cal está previsto rematar nesta semana a aplicación da 1º dose vacinal á totalidade do gando dos concellos onde se confirmou a circulación viral, concluindo as actuacións coa aplicación da 2ª dose ao remate da segunda semana do mes de outubro.

Ao respecto, prego que informen das circunstancias indicadas a todos os veterinarios con exercicio libre da profesión, solicitando que se extreme a vixilancia en relación con calquera sospeita clínica de lingua azul, co obxecto de que a mesma sexa comunicada de xeito inmediato aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellaría do Medio Rural. Así mesmo, sería recomendable que tamén os profesionais veterinarios indicaran aos gandeiros que adopten as medidas adecuadas en relación coa prevención fronte a enfermidade.